



ACTA DA 2ª SESIÓN DO TRIBUNAL DESIGNADO PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL DE PERSOAL LABORAL PARA A COBERTURA DUN POSTO DE OFICIAL PRIMEIRA MANTEMENTO (GRUPO III, CATEGORÍA 69) NO CENTRO DE CULTIVOS MARIÑOS DE RIBADEO (LUGO), DEPENDENTE DO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS (CIMA).

En Celeiro-Viveiro, a vinte e un de marzo de dous mil vinte e tres, as 10:00 horas, por medios telemáticos, réunese o tribunal cualificador dos méritos para a contratación con carácter temporal de persoal laboral para a cobertura dun posto de oficial primeira mantemento (grupo III, categoría 69) no Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo (Lugo), dependente do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA):

Denominación	Código Posto	Destino	Motivo cobertura	Requisitos	Grupo e categoría segundo Convenio
OFICIAL 1ª MANTEMENTO	PE.C99.40.201.27500.018	Centro de Cultivos Mariños Ribadeo (Lugo)	Incapacidade temporal da persoa ocupante do posto	a) Técnico Superior en mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso ou equivalente. OU b) Bacharelato, Técnico Superior ou equivalentes e tres anos de experiencia acreditada na categoría na Administración pública.	Grupo III Categoría 069 (Oficial 1ª mantemento)
Total efectivos		1			

A composición do tribunal, nomeado en virtude de resolución do 10 de febreiro de 2023 da secretaria xeral técnica da Consellería do Mar, é a seguinte:

Presidenta:
Justa Ojea Martínez

Secretaria:
Laura María Salgueiros Navas

Vogais: Susana Nóvoa Vázquez
Amador Prado Vázquez
Isidro Berdeal Díaz

1º. Admisión de solicitudes.

Conforme ao establecido nas bases da convocatoria, solicítouse da oficina pública do Servizo Público de Emprego de Ribadeo (Lugo) unha relación de traballadores/as en situación de desemprego para a cobertura da praza que se convoca.

O Servizo Público de Emprego remite un candidato que poden axustarse ao perfil profesional solicitado, pero este non presentou a solicitude de participación no proceso selectivo.



Recíbense tres (3) solicitudes de participación:

Candidato/a	Data de presentación
Juan Alberto Domínguez de Asla	02/03/2023
Antonio Molejón Sierra	06/03/2023
Nabor Fernandez Rielo	08/03/2023

Todos estes candidatos presentan a solicitude e, unha vez analizado que non cumpren os requisitos esixidos na convocatoria, o Tribunal acorda aprobar a listaxe provisional de solicitantes excluídos, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figurando como ANEXO I da presente acta.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión, nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídas.

Resoltos todos os asuntos que lle encomendaron, e non habendo máis dos que tratar, a Presidenta da por rematada a sesión, sendo as 10:30 horas, cuxos membros asinan a presente acta, da que eu, a secretaria, certifico.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Justa Ojea Martínez

Laura María Salgueiros Navas

OS VOGAIS

Susana Nóvoa Vázquez

Isidro Berdeal Díaz

Amador Prado Vázquez





ANEXO I

Listaxes provisionais de excluídos no proceso selectivo para a contratación con carácter temporal de persoal laboral para a cobertura dun posto de oficial primeira mantemento (grupo III, categoría 69) no Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo (Lugo), dependente do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA):

Listaxe de excluídos	Causa de exclusión
Juan Alberto Domínguez de Asla	02
Antonio Molejón Sierra	02
Nabor Fernandez Rielo	02

Causas de exclusión

01. Falta DNI

02. Falta titulación académica cotexada ou acreditación da experiencia na categoría na Administración pública.

03. Falta acreditación de coñecemento de galego cotexada

04. Presentación da solicitude fora de prazo

